

# Amelia Ferreira Peón

SALCEDO (1926)

Amelia Ferreira Peón naceu en 1926 na Realíña (Salcedo) e sendo aínda nena marchou vivir para A Ramalleira. As súas primeiras lembranzas chegan á carreira, polo camiño que facía descalza até a escola ou até a taberna onde o seu avó pasaba boa parte das horas que lle deixaba libre o traballo de serrador. Mandábaa mercar *macillos* e ela rogáballe por un pataquiño para mercar pan. “Ás veces dábamo. Outras non”. Así que había que apañarse como se podía para tentar quitar a fame, moitas veces no galiñeiro dunha muller que era mestra. Camiño á escola arrimábase a el e cunha cana achegaba os ovos que despois chupaba, aproveitando que a dona tamén partira para a escola.

Aquel sitio chegou a converterse ademais nun refuxio cando foi do golpe de Estado e as cousas nas aulas se puxeron feas. Cada mañá, Amelia peiteábase para chegar sen piollos:

“Eu como facía? Collía unha pouca auga, fervíaa, botáballe unha pouca borralla, Dios me axude, lavábaa, puña un pano e dálle dálle, quitaba os piollos. Peiteábame e ía toda guapa”.

Pero ao chegar á escola, comezaban os problemas con dona Teresa, a mestra:



“A mestra era malísima. Eu chegaba toda guapa e diciame: *Amelia, ¿cómo vienes tan guapa, mujer?* Eu calaba e ela quitábame as pinzas todas do pelo e despeiteábame: *¡Ahí a la esquina de pie toda la mañana!* Eu tería dez anos ou así porque foi cando a guerra”.

Ao outro día, Amelia xa non se peiteaba, e ao seguinte peiteábase de novo pero en vez de ir á escola, refuxiábase no galiñeiro:

“Ovo que nacía, chupábao, e nacía outro e chupábao tamén... e cando era a hora de saír de clase, marchaba para a casa”.

A escola tiña unha horta moi grande e cara aos camiños había dúas minas enormes. Eran os anos da guerra en España:

“Viñan os cívicos mirar se había xente agochada alí. Unha vez viñeron e preguntáronos que faciamos e tivemos que explicarlles que estabamos na escola (...) Aos cívicos tiñámoslle medo, escondiámonos cando chegaban a mirar. Parecían indios, metíanse por alí: quen anda aí? Ninguén, estamos nós...”.

Non só os atopaba na escola, tamén tivo un encontro con eles un luns pola mañá, cando ía coa súa nai lavar ao río:

“Veu un camión de cívicos e preguntáronos quen pintara a estrada porque había unha pintada que dicía *Viva Rusia*. Nós non sabiamos quen a fixera. Preguntáronnos cantos homes había na casa. Nós tiñamos ao meu tío agochado alí. A miña nai dixo que só estaba o meu avó.

-¿Y dónde está ahora?

-Traballando.

-Pues vamos a Arcade y cuando vengamos de vuelta queremos que esté todo borrado porque sino se vienen al cuartelillo y allí ya hablamos.

E nós na estrada fregando cuns cepillos pero non faciamos nada. Ata que chegou un veciño, Don Manuel Senra, que era de dereitas pero era boa persoa e dixo:

-Vinde á miña casa que vos dou un pouco de piche e botádesllo por riba.

Deus lle dea a gloria, así foi. Borrámolo pero non sei se pararon os cívicos ou non pararon. Eran uns desgraciados... “

Mesmo o máis pequeno da casa, o irmán de Amelia, Marcial, que nacera en 1930, meteuse en problemas cos cívicos cando tiña sete ou oito anos:

“Foi ata a estrada e pasou un home nunha bicicleta de muller. El era un rapaz e díxolle á miña nai: “Mira mamá, que paxareiro nunha bicicleta de muller!” E resulta que o da bicicleta era un cívico de San Adrián que me parece que lle chamaban “o Ghaiteiro” e madre mía! Colleuna contra o meu irmán que debía ter sete aniños e quería levalo ao cuarteliño.

-Pero porque o ha de levar? - dicía miña nai- Porque lle chamou paxareiro?



Grazas que veu un amigo del que tocaba nunha orquestra e que nos coñecía e foino levando de alí que senón acababa o neno no cuartel”.

O tío agochado na casa de Amelia chamábase Gumersindo Ferreira Peón. Tiña os mesmos apelidos dela porque Amelia e o seu irmán Marcial eran fillos de solteira de Carmen, a irmá de Gumersindo. Marchara a loitar cos nacionais mais ao chegar á fronte de Asturias pasou ao bando afín ás súas ideas. Pero segundo conta a súa sobriña non se sentiu ben tratado e regresou á casa:

“Unha noite estabamos durmindo, serían as doce da noite, e petaron na porta. Era o meu tío que andaba escapado. Na fronte, os rojos dicíanlle que non tiña pinta de rojo, que a tiña de fascista e o pobre pasounas negras.(...) Traía unhas ghomiñas debaixo dos pés atadas con arames, e un pantalonciño todo porco. Saiu a avoa e díxome que lle deixara a cama libre. Abaixo había un soto, tiñamos alí a cociña e quentoulle un pouco de auga. Logo trouxérono para arriba, para o faiado e a miña avoa contoume a min pero ao meu irmán non. Díxome que non lle podíamos dicir nada a ninguén porque nos podían matar”.

Aínda así o pequeno deuse conta, e preguntoulle á súa irmá:

-Amelia, quen hai no faiado?

-Ninguén, filliño

-Hai un home porque o outro día case subín as escaleiras e case vin un home alí.

Case. O pequeno deuse conta de que no faiado gardábase un segredo e non se atreveu a confirmalo de todo.

Pasado o tempo, Amelia pregúntase como non os delataron. Primeiro porque accedían ao faiado por unha escaleira que estaba fóra da casa, e calquera veciño podía velos cando lle levaban o almorzo, a comida e cea:

“Habería máis de catro que miraran e dirían: e para quen será esta comida lo?”

E segundo porque ao seu avó gustáballe de máis beber, e está convencida de que falou do que no debía coa lingua solta polo viño:

“Creo que o meu avó cando andaba borracho díxollo a moita xente, porque el sabía que estaba alí o seu fillo. Dá a vida que non nos querían mal e non llo dixeron a ninguén”.

Na Ramalleira, como en Salcedo, como en toda aquela España dos anos 30, mesturábanse os veciños de esquerdas cos de dereitas, e aínda que a súa familia sempre tivo as súas ideas moi claras, di que trataron sen problema con xente de pensar contrario. Lembra especialmente cando a súa nai prestoulle axuda a Cándido, “un veciño das dereitas que chegaría a ser alcalde de Vilaboa”:



“Unha noite tiraron uns tiros e eran contra el. Viñeran os rojos e disparáronlle e déronlle nas pernas. Cando oíu os disparos, a miña nai foi mirar e acudiulle. Parou un coche e alá marcharon. Logo dicía a xente: ‘esta muller é roxa, este é un fascista e aínda volveu por el’. A miña nai era moi decidida e aquelouno, que senón quedaría toda a noite o outro alí”.

O historiador Xosé Álvarez Castro, autor do blog *Pontevedra nos anos do medo*, confirma que Cándido Blanco Sobral foi vítima de cando menos unha agresión por parte de xente de esquerdas dentro das habituais liortas que había na zona entre esquerda e dereita sempre relacionados coas pugnas entre sociedades de agricultores ou organismos semellantes. Como conta Amelia, a Álvarez Castro cónstalle que en xuño de 1936, e polo tanto moi pouco antes do golpe militar, Blanco Sobral sufriu un atentado con disparos que lle causaron feridas leves. Membro do sindicato antimarxista de oficios varios, nas eleccións foi interventor pola dereita e tras o golpe de Estado uniuse á cuadrilla de cívicos capitaneada por Víctor Lis e participou en “paseos”. Está documentada a súa participación no asasinato de Alberto Martínez, cuñado do alcalde Hevia, e un grupo de homes fondeados en Bueu en setembro de 1936, sendo citado como un dos participantes polos seus propios compañeiros. Membro da FET, chegaría a ser nomeado alcalde de Vilaboa.

O tío de Amelia, Gumersindo Ferreira Peón, ficou no agocho da casa da nai até que o gobernador Gómez Cantos dixo aquilo de que se presentasen os que non tiñan delitos de sangue e presentouse. Déronlle os papeis e nunca chegou a pisar o cárcere. Carmen tiña seis irmáns, catro mulleres e dous varóns. O outro irmán, Marcial Ferreira Peón, era chofer na empresa dun membro da Garda Cívica que participaba nas cuadrillas nocturnas e segundo Amelia, obrigaba o seu chofer a conducir o camiión no que trasladaban aos homes que ían matar:

“Ao mellor eran as dúas da mañá e chegaba o xefe, -porque o meu tío durmía alí na casa del- chegaba o xefe, e dicíalle: Marcial, levántate que marchamos. E cando o meu tío miraba cargar aqueles homes no camiión, e a ghritar, e chegaba á Caeira e púñanos a todos en fila e disparaban e matábanos(...) Ían buscalos ao cuartel e cheghaban á Caeira e ratatatata. O meu tío dixo que non podía estar máis alí, sentía os homes gritar e non podía estar alí. Marchou da empresa e estivo de chofer na Unión”.

Amelia afirma que aquel home “era un falangista dos malos, era un cívico neghro”. Lembra ademais outro que lle tiña rabia á súa nai, pero Carmen, que como di a súa filla era moi disposta, aproveitaba a boa relación que con xente das dereitas lle daba o seu traballo en Sanidade, e enfrontábase ao fascista. A súa filla cóntao así:

“Aquí, no Palacio, por riba da panadería, vivía o Murro, que era un fascista de espanto, a miña nai non o podía ver. Dicíalle el:



- Heiche de cortar o pelo por riba de todo.

E a miña nai dicíalle:

-Hasme de mirar para o cu.

Ela traballaba en Sanidade e como eran todos de dereitas falaban a quen lle ían cortar o pelo e a quen ían ir buscar pero como ela traballa alí non lle deixaron que lle cortara o pelo e ela púñase toda chea. Non lle cortou o pelo e riuse del(...) Tivo unha sorte... que decidida era Dios mío! Había que levantar a man sempre e ela nunca a levantou! E cando era das manifestacións dos *rojos*, antes da guerra, alá marchaba ela”.

Carmen Ferreira Peón librou da rapa á que foron sometidas moitas mulleres de Salcedo, como Concha, que é a que máis lembra a súa filla Amelia:

“Cortáronlle o pelo a unha de aí arriba, da Esculca, e do desgusto morreu xa daquela. Chamábase Concha. Viñérona buscar, cortáronlle o pelo e a saber que máis lle farían, sabe Dios... Levaron a varias pero ela co desgusto xa morreu. Despois de que a raparan, estaba malísima e morreu do desgusto”.

Do que non librou a familia de Amelia foi da fame:

“Pasei moita fame. Tiñamos unha cartilla e dábannos aceite. Levantámonos pola mañá eu e a miña curmá, a filla da miña tía Peregrina, e iamos ata Pontevedra facer a cola do pan, ou iamos a Vilaboa, a Paredes, para traer unha bóla. Ao mellor chegabas a Pontevedra e no medio da cola quedaban sen pan e volvías sen nada. Moitas veces iamos a Figueirido, collíamos o tren, metiámonos debaixo dos asentos e as mulleres tapábanos co mandil e iamos así ata que pasaba o revisor e despois de que pasaba sentábaste. Chegabas á cola e ao mellor volvías á casiña sen nada... Que triste era! Para unha racionciña que nos daban antes de pan, que ao mellor o meu irmán roubáballe á miña avoa e xa quedabamos sen nada...”

Non eran máis ca unhas nenas e ás veces torcíanselle as cousas:

“Unha vez a miña prima foi ela soa e en vez de coller o tren para Pontevedra colleuno para Vilagarcía. Ao pasar pola Barca deuse conta e púxose a berrar. O revisor díxolle que non berrara máis que ao chegar á primeira estación quitáballe o billete de volta e mandábaa outra vez para Pontevedra. E así foi (...) Eu ía levarlle a comida á miña nai a *Sanidad* e ía descalciña. Cravaba unha area nun pé, tropezaba, caía a comida e botáballe outra vez na tarteira para levarlla... Que ía facer! Era unha desgraza, unha miseria. Eu non tiña que pór. A miña nai colleu un saco e fíxome un quimono cos vivos amarelos. Pasabamos fame a varrer”.

Desde ben pequeniña tivo Amelia que intentar axudar no que podía:

“Eu ía ao monte, pequeniña, sangrábanme as manciñas de andar a plantar arboriños, chegaba á casa, dicía Dios mío como me doen as mans.. ‘mexa nelas que xa che pasa’. Mira que doían e ao día seguinte tiña que ir outra vez ao monte porque senón non había que comer. Non había nin *quantas* que poñer, puña un trapo nunha man, outro noutra, non quedaba máis remedio. Dios mío as que pasamos (...) lamos ao monte ao cosco que botaban os pinos, xuntábamnos nun palleiro para o inverno e nunha lareira que tiñamos moi grande, cosco por un tubo e alí estabamos, todos arredor da lareira, cosco ao canto. Logo iamos para a cama,



de palla centea. Despois xa as facían do millo, desfollaban o millo e faciana pero, o que pasamos?”

Amelia asegura que a situación da familia se agravaba pola querenza ao viño do seu avó:

“Eramos os máis pobres nós. O meu avó era un borrachín. Traballaba de serrador e o venres, cando lle pagaban o xornal da semana, ía para a taberna e ata o luns non chegaba á casa. Ata que gastaba os cartos non volvía. Catro vellos alí estaban xogando á brisca o día enteiro, unha noite, un día e unha noite. Cando non había un púñase o home da taberneira ou a taberneira ata que lle comían os cartos todos”.

Mesmo endebedábase polo xogo e Amelia lembra unha anécdota graciosa:

“Un día pasou unha de Figueirido que tiña unha taberna e díxolle “señor José, cando me manda os cartos que me debe? E el díxolle: xa chos xirei, non che chegaron?”

A situación aínda empeorou cando botaron a Carmen de Sanidade, segundo a súa filla, “para meter a outra con máis contactos”. Se puideron saír adiante, como moitas outras mulleres da contorna foi grazas aos encargos da fábrica de Regojo:

“A miña nai andaba moito polas casas de costureira, andaba coa máquina na cabeza, e despois collemos aí na Ramalleira o dos calzóns. Ía moita xente buscalos, moita. Empezamos a facer roupa para o exército e vimos un pouco de luz (...) Faciamos calzóns. Os do número 3 daba gusto traballar neles porque eran pequeniños pero os do número 1 eran ghrandísimos e eu tiña que vir desde a estrada de Ourense ata aquí (...)A miña nai púñase toda a mañá a coser. Dáballe a volta a todas as cinturas dos calzóns. Eu dobráballos alí e facía ollais ben ou mal. Púñalle os botóns e ao mellor roubáballe un. Collía o cinto e a un non llo puña, e despois se había que facer un na casa xa tiña. Tamén faciamos blusas para os presos e uns pantalóns de polainas que daban tanta lata como os ollais. Pero daba gusto porque pagábanche a real cada un. 25 reais para o leite e daba gusto(...)Había moita xente da Esculca que ía á fábrica de Regojo. Nós e mais Peregrina, a miña tía, moita xente...”.

O golpe do 36 amosou a solidariedade de moitos e tamén o egoísmo. O mellor e o peor de cada persoa. Na cruz, os que querían aproveitarse da fame:

“Ías aos ricos que che venderan medio ferrado de millo para facer un pouco de pan e non cho vendían. Tiñan medo de que non llo pagaras e non cho vendían. Ías onde o outro... Mentres non pase agosto non cho vendo. Se agosto viña malo vendía máis caro e se viña bo máis barato, así que ata agosto non cho vendía. Eran malas persoas”.

Na cara, lembra Carmen, xente como Juana, a Choia:

“Era dos Campos. Tiña moitos homes agochados na súa casa da Carballa. Din que se metían polas minas aquelas, ían dar á súa casa e ela agochábaos alí”



Ou o seu propio sogro, Ricardo García Pereira:

“O meu sogro era panadeiro e cando saía pola mañá os nenos pedíanlle e chegaba á casa sen pan. Grazas que eles cocían algo de pan de millo e dáballo a vida porque non tiña cara de que lle pediran os rapaces e non darlle. Era moi boa persoa”.

Na súa propia casa apuntáronse para atender aos presos de Figueirido e así, de paso que botaban unha man, sacaban uns cartiños:

“Acórdome dos presos aos que a miña nai lles lavaba a roupa. Pediron xente para lavarlles a roupa e facían falla os cartos. Tiñamos que quentar auga para escaldala porque os piollos non saían. Iamos á porta e os soldados dábannos a roupa e logo devolvíámoslle cada bolsa co seu nome. E algunha vez se faciamos unha rosca mandabámoslle un cacho, iso xa era cando tiñamos máis cartos, cando o de Regojo. Tiñamos presos “fixos” aos que lle lavabamos a roupa e un que era de Asturias veu despedirse de nós cando o deixaron libre. Tamén me fixeron unha pulseira de prata e outra de realíños”.

Carmen Ferreira Peón morreu no 2005 aos 87 anos. Conta a súa filla que “seguiu sendo de esquerdas toda a vida”.